

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15007621	CPI Plurilingüe Cabo da Area	Laxe	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Oratoria	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

## 1. Introdución

O CPI Plurilingüe Cabo da Area está situado no exterior do núcleo urbano de Laxe (aproximadamente 3000 habitantes), concretamente ao final da praia, nunha paisaxe privilexiada. Tanto pola súa ubicación como pola súa economía trátase dun centro de marcado carácter marítimo.

Ensinanzas que oferta o centro:

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.)

Características singulares:

O centro está situado na vila mariñeira de Laxe e o alumnado procede da propia vila e das parroquias dos arredores polo que trátase dun centro eminentemente rural, dunha contorna dedicada ao mar ou ás labores da terra e o gando, polo que o nivel socio-económico das familias é, maioritariamente, mediobaixo así como o nivel socio-cultural. Este feito condiciona moitas das decisións pedagóxicas do centro e os seus departamentos didácticos, que é en moitos casos a vía que ten o alumnado de acceder a determinadas experiencias culturais ou medios para acadalas.

Alumnado:

En canto ó alumnado destinatario desta programación hai que ter en conta a diversidade do alumnado, podendo presentar nalgún momento ritmos diferentes. Realizaremos, deste modo, apoios puntuais modificando as actividades (ampliándoas ou simplificándoas), ou facendo traballos individuais que lles faga sentir que avanzan da mesma forma que os demais compañeiros/as. Neste materia atopámonos con 8 alumnos/as onde todos/as promocionan de 4º da ESO.

Para unha correcta secuenciación dos obxectivos, concreción dos contidos e concreción dos criterios de avaliación teremos en conta o estudio do desenvolvemento evolutivo e das características dos alumnos/as ós que van dirixidos, neste caso concreto do alumnado de Educación Secundaria Obligatoria, con idades que abranguen entre os 12 e os 16 anos. Neste período prodúcese unha transición fisiolóxica e psicolóxica dende a infancia á idade madura, supón un gradual proceso de medre e desenvolvemento no que as características do neno son reemplazadas polas do adulto.

Contexto da materia:

Nas interaccións sociais de cada día, debemos escoitar, falar, participar, debater, decidir, comprender, defender e, en última instancia, convencer a alguén de algo. Polo tanto, ser un comunicador ou comunicadora competente pode marcar unha diferenza substancial tanto nas relacións persoais como no éxito da carreira académica e profesional. Trátase dunha habilidade social básica e de presenza central, constante e manifesta na nosa vida cotiá.

Por outra banda, falar en público é hoxe unha actividade que adopta formas e usa canles moi variadas: as redes sociais, as reunións de traballo, a actividade académica, os medios de comunicación, as xuntanzas políticas, os discursos comerciais, os colectivos culturais, as congregacións informais, etc. Tal diversidade e amplitude de situacións fan que as tradicionais disciplinas da oratoria e a súa inseparable retórica acadan no noso tempo unha proxección práctica particularmente tanxible.

No contexto normativo actual, a materia de Oratoria está chamada a ocupar nos últimos cursos da ESO un posto central no progreso curricular do alumnado. As oito competencias que definen a aprendizaxe permanente e os obxectivos curriculares asociados no seu caso adquiren aquí unha presencia concreta, explícita e concluínte, debido á natureza transversal da propia actividade oratoria.

Así, a materia de Oratoria preséntase en 4º de ESO como un soporte amplio e sólido para o desenvolvemento integral do alumnado nun momento moi preciso da súa formación. Expoñer ideas e debater opiniós son trazos de madurez individual que poderán ser desenvolvidos nos seguintes niveis educativos e que se proxectarán nunha vida colectiva tamén más rica e ampla, como se espera dunha sociedade democraticamente avanzada.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demás.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnoloxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

**Descripción:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesións</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	A arte da retórica	Trátase de que o alumnado coñeza as bases da retórica e, a través de exemplos significativos, se familiarice cos tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión.	20	21	X		
2	Que cambios precisa o ensino?	Con esta unidade, buscamos o protagonismo das alumnas e dos alumnos para levar a cabo unha experiencia transformadora nas aulas. Ademais de desenvolver as habilidades comunicativas para convencer o resto do grupo sobre os cambios necesarios no proceso de ensino-aprendizaxe, promóvese tanto o pensamento crítico como unha actitude proactiva e resiliente.	25	28	X	X	
3	A redución das desigualdades	Cada grupo deberá elaborar e presentar un proxecto cun impacto social relevante que dea resposta a unha problemática da contorna. Deste xeito, traballaremos tamén elementos transversais do currículo para ser un axente de cambio positivo que promova a inclusión e desenvolva a capacidade de liderado do noso alumnado.	25	28		X	
4	Desenvolvemento sostible xa!	Esta última unidade consistirá en desenvolver un proxecto para construír un mundo mellor para as persoas e para o propio planeta. Con ese compromiso, traballaremos en equipo para investigar as ameazas, sintetizalas, expoñer os retos, dialogar, falar en público, convencer e, sobre todo, escoitar. Haberá un debate final para escoller entre todo o grupo a mellor proposta.	30	28			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	A arte da retórica	21

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Deberase coñecer como xurdiu a Oratoria para dotar as persoas dunha ferramenta eficaz para desenvolver as súas capacidades e confrontar ideas de xeito construtivo.	TI	100
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	O alumnado deberá coñecer as principais técnicas persuasivas que relacionan a Oratoria con outras disciplinas, como son a Retórica e a Dialéctica.		
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	O alumnado deberá coñecer as partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.		
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Nos textos dos medios de comunicación e do ámbito académico, o alumnado identificará a intención persuasiva, recoñecerá a tese e diferenciará, como mínimo, os argumentos obxectivos dos emocionais.		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado será capaz de valorar a concisión, a claridade e o impacto das mensaxes persuasivas.		
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Como mínimo, o alumno ou a alumna será quien de aportar un argumento pertinente de apoio e outro de refutación ante unha tese dada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.</li> <li>- A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas.</li> <li>- A argumentación como factor clave: tipos de argumentos.</li> <li>- Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacóns persoais.</li> </ul>	

UD	Título da UD	Duración
2	Que cambios precisa o ensino?	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	O alumnado deberá adaptar o seu discurso ao receptor, á canle, á temática e ao contexto.	TI	100
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	No discurso, diferenciaranse con claridade a introducción, o desenvolvemento e a conclusión.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	As alumnas e os alumnos utilizarán premisas, teses e siloxismos para defender que cambios precisa o proceso de ensino-aprendizaxe.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado elaborará un discurso claro, breve e eficaz no que faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos. Os errores lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Como mínimo, o alumnado utilizará con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
- Adecuación do discurso ao contexto.	
- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.	
- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.	
- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.	
- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.	
- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.	
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.	
- Coherencia e cohesión.	
- Corrección lingüística.	
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A redución das desigualdades	28

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para aprofundar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	O alumnado aplicará correctamente os criterios de selección das fontes documentais.	TI	100
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Como mínimo, o alumnado deberá escoller adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...).		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumnado diferenciará entre informacións e opinións, ao tempo que será respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Os alumnos e as alumnas deberán adaptar o seu discurso ao receptor, á canle, á temática e ao contexto.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	No discurso, diferenciaranse con claridade a introdución, o corpo argumentativo e a conclusión. Os argumentos deberán organizarse atendendo a unha orde lóxica.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	As alumnas e os alumnos utilizarán argumentos de autoridade, ad populum, analogías, exemplificacións e datos obxectivos que avalen as súas opinións.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado elaborará un discurso claro, breve e eficaz no que faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos. Os errores lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Como mínimo, o alumnado utilizará con soltura os correctores lingüísticos e os diccionarios para revisar os textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.</li> <li>- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).</li> <li>- Estratexias de procura e selección das ideas más adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación</li> <li>- Adecuación do discurso ao contexto.</li> <li>- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.</li> <li>- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.</li> <li>- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.</li> <li>- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Desenvolvemento sostible xa!	28

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	O alumnado diferenciará as fontes primarias das secundarias e manexará con pericia as fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, nomeadamente, Internet.	TI	100
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	O alumnado aplicará correctamente os criterios de selección das fontes documentais.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	O alumnado deberá ser capaz de distinguir os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, imaxes...).		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Como mínimo, o alumnado deberá escoller adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...).		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumnado diferenciará entre informacóns e opinións, ao tempo que será respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	As alumnas e os alumnos deberán, como mínimo, facer uso do guión e das TIC como elemento de apoio (non protagonista).		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	O alumnado será quen de interiorizar un discurso de dous minutos sobre a súa proposta para un desenvolvemento sostible adaptándose ao tempo de exposición.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumnado expresarase con naturalidade, empatía e asertividade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	O alumnado transmitirá confianza e controlará, na medida do posible, o nerviosismo cando fale en público.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Os alumnos e as alumnas deberán pronunciar correctamente, cun volume audible, a un ritmo pausado, manexando as pausas e os silencios.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalar a expresividade e a eficacia do discurso.	Como mínimo, o alumnado coidará a expresión facial e evitará os tics.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	O alumnado utilizará a ferramenta Genially (ou outra similar da súa preferencia) para crear unha presentación que apoie a súa proposta para promover o desenvolvemento sostible.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	O alumnado practicará mediante o debate a escucha activa: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.</li> <li>- Documentación e investigación. Alfabetización mediática.</li> <li>- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).</li> <li>- Estratexias de procura e selección das ideas más adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación</li> <li>- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respete os principios de propiedade intelectual.</li> <li>- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez únicamente á información afín coas ideas propias.</li> <li>- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoyo.</li> <li>- Interiorización do discurso.</li> <li>- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.</li> <li>- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).</li> <li>- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).</li> <li>- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.</li> <li>- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.</li> <li>- Proxémica: espazo escénico.</li> <li>- Naturalidade fronte a artificiosidade.</li> <li>- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.</li> </ul>

## Contidos

- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escucha activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

### 4.1. Concreciones metodológicas

A intervención educativa en Oratoria debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodológico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade más próxima dos e das estudiantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodología activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razonamento e resolución lóxica de problemas.

Esta materia impártense empregando o inglés como lingua vehicular dentro do proxecto plurilingüe do centro. Ainda así, para que esta metodología acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Oratoria con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conjunta as competencias clave e dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolalar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias como Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, empregando o inglés, a lingua castelá e/ou a lingua galega para favorecer á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas así como outras dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (expresión oral e escrita, comunicación, resolución de problemas, razonamiento lóxico...) se fora necesario.

A colaboración transversal cos distintos departamentos dos centros, como por exemplo o Equipo de Dinamización da Lingua Galega ou a Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de producción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional nas diferentes linguas. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas baseárase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudiante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concreciones metodológicas:

- 1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.
- 2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación propia. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.
- 3) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna do alumnado. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.
- 4) Creación de textos escritos pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construcción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o

destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

5) Creación de textos con intención persuasiva a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (reportaxes, crónicas, columnas, artigos de opinión...).

6) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbihadas lingüísticas.

7) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

8) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construcción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construcción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusóns.

A selección dos materiais que integran a programación didáctica da materia de Oratoria debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudiados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abrancar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudiados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Oratoria supón o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise crítica. O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diferente tipoloxía, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos

abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

En definitiva, os contidos da materia integraranse na aula a través de catro unidades didácticas que favorecerán a transversalidade e interdisciplinariedade por medio da planificación, análise e emprego de estratexias baseadas na resolución de problemas tales como os principios de dedución e indución ou a comprobación da viabilidade da solución proposta á situación descrita. Será necesario tamén o desenvolvemento de actitudes como o rigor, a perseverancia, a cooperación e a responsabilidade entre os distintos membros dos grupos de traballo para provocar o rexeitamento de estereotipos, xerar debate, construír un pensamento crítico sólido, definido e individual e motivar os cambios necesarios para o promover o avance social.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A efectos de proceder á avaliación inicial das competencias do alumnado na materia, na primeira semana do curso realizarase unha actividade oral (exposición de tres minutos sobre un tema escollido polo alumno ou alumna entre os propostos pola docente), que será valorada segundo táboa de indicadores.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	25	25	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

En cada un dos trimestres o alumnado terá que realizar dúas exposicións orais relacionadas cos contidos das respectivas unidades didácticas. Ademais, o alumnado deberá amosar un traballo diario constante en cada unha das avaliacións. Dito isto, o sistema de cualificación na materia de Oratoria será o seguinte:

- Primeira proba de contidos por trimestre: exposición oral, cun valor do 40% de cada avaliación.
- Segunda proba de contidos por trimestre: exposición oral, cun valor do 40% de cada avaliación.
- Traballo diario en cada un dos trimestres: valor do 20% da nota de cada avaliación.

En todos os casos se utilizarán rúbricas e/ou taboas de indicadores para avaliar ao alumnado.

Independentemente dos instrumentos empregados para a cualificación, o alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo (a partir de 0,6) é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións, con aplicación do redondeo anteriormente estipulado.

### Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dunha proba oral final en xuño que versará sobre as partes suspensas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflecten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a educación secundaria obligatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos o alumnado, sexa cal sexa a súa condición persoal, pode aprender que a súa contorna educativa ofrece condicións necesarias de acceso e outorga experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e componentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo debe basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas de comprensión e producción oral nas que o alumnado debe regular a súa conducta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demás. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuirase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razonamento e analizar criticamente os problemas sociais.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.			X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.2 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.3 - A competencia dixital.			X	X
ET.4 - O compromiso co desenvolvemento sostible.				X
ET.5 - Respeito mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X
ET.6 - Liberdade de expresión.	X	X	X	X

#### **Observacións:**

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respeito mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacions de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Oratoria debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacions de risco derivadas do uso das TIC.

## **7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Creación dun anuncio publicitario.	O alumnado de Oratoria creará de forma autónoma un anuncio publicitario relacionado cos contidos da Unidade Didáctica.			X

## **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

### **Indicadores de logro**

Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realizaízase unha introducción sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.

Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporcionase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construcción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos e alumnas que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Desenvolvéronse actividades e estratexias potenciadoras da oralidade, co fin de que o alumnado adquirise os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacions comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...).
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.

**Descripción:**

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliação dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construcción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Oratoria estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicacións PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final do desenvolvemento de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## 9. Outros apartados